



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD81PLA02

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

DO

CMUS PROFESIONAL

DE

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Curso: 2019-20





Índice

	Capítulo I (letras a), b), c), d), e), k) e l) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010).....	3
1	Obxectivos específicos.....	3
2	Medidas que se van desenvolver.....	4
	2.1 Horario xeral e criterios para a súa elaboración.....	6
	2.2 Horario de atención ao público.....	8
	2.3 Cadro xeral horario de atención titorial.....	9
	Horario de titorías do profesorado.....	9
	2.4 Horario de utilización das instalacións do centro.....	11
	2.5 Calendario de avaliación da programación xeral anual e de autoavaliación do conservatorio.....	13
	Capítulo II (letras m) e n) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010).....	13
1	Documento de organización do centro.....	13
2	Modificacións do proxecto educativo.....	13
3	Programacións didácticas dos departamentos.....	14
	Capítulo III (letras f), g), h), i) e j) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010).....	14
1	Profesorado participante en programas de innovación educativa.....	14
2	Programa anual de formación do profesorado.....	14
3	Programa de promoción da lingua galega.....	18
4	Programa anual de actividades culturais e de promoción das ensinanzas	ÍNDICE
	27
3	Relación secuenciada e temporalizada das actividades.....	28
4	Anteprojecto económico.....	31
	4.1 Inicio do curso – mes de decembro.....	31
	4.2 Resto do curso académico.....	32
5	Plan de autoprotección.....	35





ÍNDICE

Capítulo I (letras a), b), c), d), e), k) e l) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010)

1 Obxectivos específicos

OB-PXA1. Ampliar a colaboración a outras Institucións Educativas en proxectos que poidan ser de interese común. (OBX-PE 1)

OB-PXA2. Promover a internacionalización do Centro mediante a súa inclusión en programas internacionais. (OBX-PE 1)

OB-PXA3. Continuar na mellora da formación do noso profesorado con cargo ao orzamento do Centro. (OBX PE 1)

OB-PXA4. Seguir mellorando as instalacións, e seguridade de estas e o mobiliario do Conservatorio e implantar progresivamente medidas de aforro enerxético. (OBX PE 5)

OB-PXA5. Establecer canles de comunicación e xestión máis áxiles e efectivas coa comunidade educativa.

OB-PXA6. Aumentar o aforo da aula de informática

OB-PXA7. Establecer e/ou mellorar as canles de colaboración con outros conservatorios. (OBX PE 14)

OB-PXA8. Colaborar coas institucións musicais da cidade. (OBX- PE15)

OB-PXA9. Levar a cabo unha actualización do PEC



OB-PXA10. Realizar actividades que potencien a visibilización da muller na música.
(OBX- PE 16)

OB-PXA11. Mellorar o coñecemento dos distintos instrumentos que se ofertan no
Centro. (OBX PE-12)

2 Medidas que se van desenvolver

1. Participar no desenvolvemento das actividades de titoría de alumnado do prácticum do Master en Profesorado de Educación para alumnado das Universidades autorizando expresamente a presenza e participación do alumnado nas actividades do Centro e a súa adecuada coordinación e titorización por parte do Conservatorio en Colaboración coa súa Facultade. (OBX-PXA1).
2. Participar coa EASD Mestre Mateo en proxectos comúns. (OBX- PXA1).
3. Levar a cabo as medidas necesarias para incluír ao CMUS no programa ERASMUS+.(OBX- PXA2).
4. Planificar na primeira quincena de xuño novas charlas para o persoal do Centro en relación a problemáticas de interese para o profesorado segundo a súa petición e incrementar a participación do profesorado. (OBX- PXA3).
5. Unir dúas cabinas de estudo para a creación de unha nova aula. (OBX- PXA4).

6. Continuar a substitución das pantallas fluorescentes das aulas por pantallas LED para evitar ruídos, mellorar a iluminación e optimizar o seu consumo dentro das posibilidades orzamentarias do Centro. (OBX PXA 4).
7. Acadar unha partida económica especial para a ampliación do escenario do Auditorio, a mellora do sistema de iluminación, e a creación de unha cabina e un equipo de gravación de audio e video no noso centro. (OBX- PXA4).
8. Solicitar o envío de novos equipos informáticos destinados á sala de profesorado e ás aulas que aínda non o teñen xa que os que temos na actualidade están obsoletos e dificultan o traballo do profesorado. (OBX- PXA4).
9. Implantar no Centro a aplicación CENTROS NET no móbil e traballar para desenvolver un sistema de matrícula online. (OBX-PXA5).
10. Levar a cabo un estudo e un anteproxecto para atopar unha solución ao aumento de aforo da aula de informática. (OBX- PXA 6).
11. Establecer con outros Conservatorios un acordo para a utilización común do material didáctico. (OBX PXA 7).
12. Levar a cabo o encontro de Centros adscritos ao CMUS. (OBX PXA 7).
13. Realizar o curso anual coa Banda Municipal de Santiago de Compostela e a participación do noso alumnado nos concertos con esta agrupación. (OBX- PXA8).
14. Analizar novas formas de colaboración coa RFG. (OBX- PXA 8).
15. Levar a cabo unha actualización do PEC para a súa entrada en vigor no seguinte curso 2020-21. (OBX-PXA 9).

16. Realizar un concerto ou conferencia de unha muller que ocupe un posto relevante no mundo musical. (OBX-PXA10).

2.1 Horario xeral e criterios para a súa elaboración

A actividade lectiva do centro transcorre entre as 9:00h e as 22:00h.

O horario para este curso 2019–20 elaborouse seguindo as directrices marcadas polo Capítulo II da ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o *Decreto 223/2010, do 30 de decembro polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma* (DOG do 18 de agosto). Neste sentido, para facilitar o aproveitamento dos espazos do centro para a docencia, as clases en horario de tarde comezan como norma xeral ás 16:00h. e rematan ás 22:00h aínda que se procura non superar para a docencia ás 21:00 horas excepto nas materias de Banda e Orquestra Sinfónica e algún itinerario de 6º curso de grao profesional.

A oferta de horas de docencia ás 15:00 horas, 21:00 horas e en horario de mañá están supeditadas á solicitude por parte do alumnado.

Os venres o Centro pecha ás 21:00h.

A elaboración do horario xeral do centro respectou a dispoñibilidade horaria do alumnado limitada polo ensino obrigatorio, intentando facilitar tamén na medida do posible as peticións horarias do alumnado que cursa estudos universitarios e non obrigatorios como son os ensinos de idiomas e outros. A idade do alumnado, así como a intención de minimizar o número de días que alumno ten que vir o centro



foron tamén criterios de peso na elaboración dos horarios e a distribución do mesmo en grupos. Co fin de minimizar os días de asistencia ao Centro as clases de Análise e Historia da Música continúan a ter unha duración de dúas horas ininterrompidas un día por semana o mesmo que os pasados anos e na materia de harmonía as clases están programadas en dúas sesións de unha hora de duración en días distintos. Continúase cos grupos de linguaxe musical e educación auditiva de dúas franxas de 90 minutos en primeiro e segundo curso de grao elemental xa que parece que amosaron un resultado positivo.

A elección dos horarios de piano complementario fixéronse seguindo os mesmos parámetros que os dos cursos anteriores.

A Biblioteca permanecerá aberta todos os días de 16:00 a 21:00 horas excepto os venres que pechará as 20:00 horas. As clases correspondentes ao Grao Elemental desenvólvense exclusivamente en horario de tarde. As clases correspondentes ao Grao Profesional impártense na súa maioría en horario de tarde.

Ao igual que en anos anteriores, creáronse grupos en 6º curso de Grao Profesional en horario de mañá para mellorar a oferta horaria do alumnado que cursa estudos universitarios ou que ten dedicación exclusiva nestas ensinanzas. A oferta de horas de docencia ás 15:00 horas, 21:00 horas e en horario de mañá están supeditadas á solicitude por parte do alumnado.

As probas específicas e de avaliación van a levarse a cabo os seguintes días:

- 1ª Avaliación



Semana exames do 9 ao 13 de decembro

Avaliación 17 e 18 de decembro

- 2ª Avaliación

Semana exames do 9 ao 13 de marzo

Avaliación 17 e 18 de marzo

- 3ª Avaliación:

Semana de exames para o alumnado de 6º curso e 2º BAC do 4 ao 7 de maio

Avaliación o 14 de maio

Semana exames para o resto dos cursos do 14 ao 20 de maio do 14 ao 20 de maio

Avaliación 2 e 3 de xuño

2.2 Horario de atención ao público

Dirección. José Luis Quintás Carreira: mércores de 10:00 a 11:00h e xoves de 16:00 a 17:00 h.

Vicedirección. Sonia Avilés Vidal: venres de 11:00 a 12:00 h. e luns de 21:00h a 22:00 h.

Xefatura de Estudos. Alejandro Cimadevila Louzao: Xoves de 13:00 a 14:00 horas e martes de 17:00 a 18:00h.

Secretaría. Fernando Rei Maio: luns 11:00 a 12:00h e venres 19:00 a 20:00h.

Horario de oficina: de 9:00 a 13:00h. de luns a venres.





2.3 Cadro xeral horario de atención tutorial

Horario de tutorías do profesorado

Curso 2019/20

Profesor/a	TUTORÍA
Alexandrovskaya Trofimova, Olga	Luns 15-16
Álvarez Gómez, Renée	Luns 15:30-16
Aviles Vidal, Sonia	Martes 21-22
Barbero, Cancelo, Juan	Xoves 20-20:30
Barro Alonso, Iván	Luns 21-22
Bermejo Gorostiza, Itsaso	Xoves 17-17:30
Blanco Peláez, Ignacio M.	--
Blanco Picos, Luis I.	Luns 21-21:30 Mércores 21-21:30
Buide del Real, Fernando	Martes 16:30-17 Martes 20-20:30
Canosa Insua, Saúl	Xoves 20-21
Cañada Valverde, Juan Vicente	Martes 16-17
Cimadevila Louzao, Alejandro	Martes 17-18
Collazo Quinteiro, Juan M.	Martes 15:30-16
Dapena Gonzalez, José Manuel	Mércores 21-22
Diego Calviño, M ^a Isabel	Ve 18-18:30
Dios Domínguez, M ^a Pilar	Martes 16-16:30 Venres 19:30-20
Durán Arufe, David	Luns 15-16
Escolante Mujico, Alejandra	--
Fernández Pan, Marta	Martes 17:30-18 Xoves 17:30-18
Fernández Vázquez, M ^a del Mar	Xoves 20-21
Ferreiro Soto, Carmen M ^a	Luns 20-21
Fraile Cancela, María	Xoves 15-16
Gago Romero, Renata	Martes 16-16:30 Mércores 16-16:30
García Escuredo, Efrén	Mércores 15:30-16





Profesor/a	TITORÍA
	Venres 19-19:30
García Fernández, Antonio	Mércores 20-21
García García, Vicente	Mércores 21-21:30
González Iglesias, Susana	Mércores 15:30-16
Hervás Brull, M ^a Jesús	Xoves 15-16
Iglesias González, Xesús Xosé	Mércores 21-21:30
López Carrera, Aida Margarita	Mércores 20-21
López Jorge, Manuel	Martes 16:30-17 Venres 18-18:30
López-Felpeto Paz, Elena	Mércores 17-18
Martínez Vicente, Silvia	Luns 18:30-19
Martínez Villar, Manuel	Mércores 15-16
Martínez-Risco Ulloa, Ton	Mércores 19-19:30
Méndez Zunzunegui, Natalia	--
Millán Pérez, Martín	Xoves 21:30-22 Venres 15-15:30
Moreira Vázquez, Sergio	Xoves 17:30-18
Novio López, Valentín	Xoves 17-17:30
Otero Neira, Javier	Xoves 15-16
Otero Payno, Manuel	Martes 21-21:30
Paradela Macía, Hugo	Xoves 21-22
Pérez López, Guillermo Rubén	Martes 15-16
Pons Boils, José	Xoves 16-17
Quintás Carreira, José Luis	Mércores 20-21
Rei Maio, Fernando	Martes 19-20
Rei Sanmartín, Isabel	Mércores 19-20
Rodríguez Álvarez, Xosé A.	Luns 20-21
Rodríguez Ramos, José	Mércores 20-21
Rouco López, Belén	Mércores 20:30- 21:30
Rubio Lera, M ^a Ángeles	Mércores 21-22
Salgado Sabariz, Leticia	--





Profesor/a	TITORÍA
Santamarina Fernández, Roberto J.	Xoves 20-21
Somkhieva, Diana	Luns 21-22
Suárez Ogando, Noia	Martes 20-21
Taboada Seoane, José Manuel	Luns 20-20:30
Tilve González, Carlos Enrique	Venres 15-16
Valcárcel Moura, José Alejandro	Mércores 21-22
Valdés Paredes, Jorge	Luns 15-15:30 Xoves 15:30-16
Valls Martínez, Miguel	--
Vilas Rodríguez, José Ángel	Martes 18-19
Villafáfila Aparicio, Ángel	Mércores 21:30-22 Venres 20:30-21
Vizoso Pérez, Miguel	Martes 16-16:30 Venres 15:30-16
Yáñez Ríos, Ana	Martes 17:30-18

2.4 Horario de utilización das instalacións do centro

As instalacións xerais do centro pódense utilizar no horario que queda reflectido. As cabinas de estudo pódense utilizar polo alumnado do centro sempre que exista dispoñibilidade, por orden de chegada, recollendo a chave co carné de alumno do CMUS. En casos excepcionais tamén se poden utilizar as aulas do conservatorio en horario de mañá sempre que non as precisen os profesores, con un permiso especial da secretaría do Centro.

Calendario Escolar CMUS Profesional de Santiago de Compostela 19-20.





O curso académico abranguerá desde o día 1 de setembro de 2019 ata o 31 de agosto de 2020. As actividades lectivas rematarán o día 30 de xuño de 2019.

Os días non lectivos durante o curso escolar serán os seguintes:

Os días non lectivos durante o curso escolar serán os seguintes:

- **Outubro.**

31 de outubro. Día do ensino.

- **Novembro**

1 de Novembro Día de todos os Santos .

- **Decembro.**

6 de Decembro. Día da Constitución.

23,24, 25, 26, 27, 30 , 31. Vacacións de Nadal.

- **Xaneiro.**

1, 2, 3, 6, 7, vacacións de Nadal.

- **Febreiro**

24, 25, 26, vacacións de entroido

- **Marzo.**

19 de marzo. San José

- **Abril**

6,7,8,9,10, 13 de abril, Vacacións de Semana Santa.

- **Maio.**

1 de maio. Festa do traballo.

21 de maio. Festividade da Ascensión. Festivo local.





2.5 Calendario de avaliación da programación xeral anual e de autoavaliación do conservatorio

O Decreto 223/2010 do 30 de decembro polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu capítulo III, artigo 45, punto 9, di que polo menos con una periodicidade trimestral, "os órganos colexiados reuniranse para avaliar cada un no ámbito das súas competencias, o grao de cumprimento da programación xeral anual e propor as oportunas modificacións se as houber".

Como resultado destas avaliacións introducíranse na PXA modificación a proposta dos órganos colexiados do Conservatorio.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica elaborará propostas que se incluírán na programación xeral anual do próximo curso.

Capítulo II (letras m) e n) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010)

1 Documento de organización do centro

O Documento de Organización do Centro foi enviado a Inspección Educativa en formato electrónico.

2 Modificacións do proxecto educativo

O proxecto educativo do Centro non sufriu modificacións



3 Programacións didácticas dos departamentos

As programacións didácticas achéganse a Inspección Educativa e atópanse en documentos adxuntos debido á súa extensión.

Capítulo III (letras f), g), h), i) e j) do artigo 45 punto 4.º do Decreto 223/2010)

1 Profesorado participante en programas de innovación educativa

2 Programa anual de formación do profesorado

O CMUS Profesional de Santiago ten aprobado un PFPP coas seguintes liñas de actuación:

LIÑAS DE ACTUACIÓN PROPOSTAS

Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital.

- Actualización científica e didáctica do profesorado.
- Escola inclusiva e atención á diversidade.

OBXECTIVOS XERAIS

Mellorar coordinación entre o profesorado na súa práctica docente.



- Unificar a elaboración de documentación administrativa e didáctica por parte do profesorado do centro a través do Libre Office.
- Coñecer ferramentas pedagóxicas para a integración de alumnado con discapacidade visual.
- Mellorar as ferramentas para o seguimento do proceso de avaliación do alumnado.

ITINERARIOS

Itinerario 1: Emprego das ferramentas de Libre Office

Liñas:

25 – Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital.

Obxectivos:

- Manexar as principais ferramentas do Libre Office. Unificar a elaboración de documentación administrativa e didáctica por parte do profesorado do centro.

Contidos:

- Manexo do programa Libre Office Write. Manexo do programa Libre Office Calc.





Itinerario 2: Estratexias pedagóxicas para guitarra clásica

Liñas:

Actualización científica e didáctica do profesorado.

Obxectivos:

- Actualizar os coñecementos e estratexias pedagóxicas do profesorado de guitarra. Renovar as metodoloxías empregadas para os diferentes niveis educativos. Profundizar nas implicacións físicas e musicais da técnica guitarrística.

Contidos:

- Relaxación e posición corporal. Técnicas de estudo activas. A análise como ferramenta pedagóxica. Novas perspectivas. Estilos e escolas.

Itinerario 3: Ferramentas pedagóxicas para a docencia de alumnado con discapacidade visual

Liñas:

Escola inclusiva e atención á diversidade.

Obxectivos:

- Elaborar materiais didácticos específicos para alumnado con discapacidade visual. Desenvolver estratexias metodolóxicas para traballar con alumnado invidente.

Contidos:

- Elaboración de material didáctico en Braille .Uso de estratexias metodolóxicas no traballo con alumnado invidente.





Itinerario 4: Caderno de aula virtual

Liñas:

Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital.

Obxectivos:

- Crear un caderno de profesor de instrumento virtual. Dotar de medios TICs ao centro para a correcta utilización desta ferramenta.

Contidos:

- Elementos e estrutura dun caderno virtual de aula.

Itinerario 5: A opera como recurso educativo

Liñas:

Actualización científica e didáctica do profesorado.

Obxectivos:

- Profundizar no máximo expoñente da música clásica. Aunar todas as técnicas escénicas no CMUS.

Desenrolar a sensibilización cara o director e a escea. Traballar a experiencia profesional do concerto.

Contidos:

- Estudo do formato da Ópera. Analise e comprensión da flexibilidade requirida na ópera. Motivación do alumnado a través do máximo expoñente da forma clásica: Ópera.





3 Programa de promoción da lingua galega

ÍNDICE

1. LIMIAR	3
2. FUNDAMENTACIÓN	3
2.1. A RESPONSABILIDADE DOS CENTROS EDUCATIVOS NA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	
3. A PROPOSTA DE PROXECTO	4
3.1.A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA COMO PROCESO SOCIAL E EDUCATIVO	
3.2. AS FUNCIÓNS DO PROXECTO	
4. A REALIDADE LINGÜÍSTICA E CULTURAL NO CMUS	5
5. OBXECTIVOS	6
4.1. OBXECTIVOS XERAIS	
4.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	
6. SECUENCIACIÓN DO TRABALLO	7
7. ACTIVIDADES PARA O CURSO 19/20	9



1. LIMIAR

Este proxecto é un sinxelo bosquexo de ideas que este departamento ten para o recente curso escolar 2019/2020. As ideas aquí reflectidas son un compromiso de mínimos, que agarda sexan incrementadas con novas ideas e actividades de todos e cada un dos actores da comunidade educativa.

A pesares de sermos parte dun centro educativo musical, queremos destacar que o traballo non se vai centrar só no aspecto lingüístico e musical, senón que poñerase énfase en abranguer todos e cada un dos eidos culturais galegos, coma poden ser: o teatro, a arqueoloxía, costumes, tradicións a riqueza paisaxística e monumental, etc.

2. FUNDAMENTACIÓN

2.1. A RESPONSABILIDADE DOS CENTROS EDUCATIVOS NA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Coincidindo plenamente coa docente e escritora Mercedes Queixas Zas, cando afirma que: *“Cultura e sociedade deben sempre camiñar da man desde a interacción e a reciprocidade de ambos termos, que permita entendermos a primeira, a cultura (a lingua), como ferramenta de pensamento e comunicación para construímos o mundo propio, íntimo e relacionado, como instrumento de cohesión social e de identificación cun territorio e unha colectividade senlleira”*

Compre lembrarmos que a **Lei de normalización lingüística** de 1983 trazou, no seu artigo 12 que: **“O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos”** e as accións e medidas destinadas á promoción da lingua e cultura galega veñen desenvolvidas no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNL), aprobado por unanimidade no Parlamento galego en setembro do ano 2004. Tamén está presente a LEI 1/2014, do 24 de marzo.

3. A PROPOSTA DE PROXECTO

2.1. A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA COMO PROCESO SOCIAL E EDUCATIVO

A normalización da lingua galega é un proceso que ten como protagonista principal a sociedade galega, e no noso caso en concreto ao CMUS Profesional de Compostela. Os poderes públicos teñen a responsabilidade de apoiar e promover este proceso. Mais, en definitiva, onde o galego xoga o seu futuro é no ámbito social e educativo.

Boa parte do proceso de normalización ten que ver coa vontade da cidadanía: que decida asumir de forma efectiva a lingua e a cultura galega, e a actuación dentro dos centros educativos pode incorporar os incentivos positivos que favorezan estes procesos. Neste tema as políticas do CMUS teñen unha grande influencia sobre a comunidade educativa a través dos usos lingüísticos, culturais, as regulacións de uso, etc.

Se a normalización lingüística é un proceso social e educativo, moitos dos actores



centrais do CMUS tamén o serán. Por este motivo, botarase man de distintos ámbitos de diálogo e colaboración como o Consello Escolar, Claustro de Profesores, ANPA, alumnado, etc. para confluír na asunción de compromisos coa nosa cultura.

Nesta liña, o traballo de elaboración do plan de EDLG do CMUS para este curso 19/20, pivota nestes espazos e procura un compromiso da comunidade educativa para poñer a nosa cultura nun lugar máis relevante para a promoción da mesma.

2.2. AS FUNCIÓNS DO PROXECTO

Seguindo os razoamentos previos, o proxecto cumpriría as seguintes funcións:

1.) A necesidade do coñecemento para o futuro traballo e/ou intervención.

O deseño de estratexias de intervención debe partir da diagnose da realidade en que actuamos. O feito de contar cunha diagnose sobre a situación do departamento de EDLG, de maneira global e nos distintos órganos colexiados do centro, permitirá establecer os obxectivos e futuras actuacións que se pretendan desenvolver no eido da normalización lingüística.

Trátase de construír un coñecemento que poida servir como fundamento dun hipotético traballo futuro, que sexa susceptible de ser utilizada por aqueles membros da comunidade educativa do CMUS que queiran promover a normalización lingüística a nivel escolar. O proceso de elaboración do proxecto parte das análises feitas con anterioridade grazas á experiencia vivida tanto no



claustro, coma no consello escolar, etc.

2.) Marcar as liñas estratéxicas básicas da actuación do departamento de EDLG do CMUS.

A función básica da planificación é ordenar as accións normalizadoras, de difusión e espallamento do centro; neste caso, tería unha dimensión máis ambiciosa, dado que a nosa idea é que desde o dpto de EDLG se actúe tamén como catalizador das distintas intervencións normalizadoras no ámbito da cidade.

3.) Que os actores da comunidade educativa se comprometan no proxecto.

Partindo da base de que a normalización debера ser un proceso conxunto, só a corresponsabilidade dos distintos membros da C.E. pode facer da diagnose e, posteriormente, do proxecto unhas das ferramentas de intervención eficaz.

Estes procesos deben apoiarse mutuamente: que a actuación da ANPA, claustro, consello escolar, administrativos, persoal subalterno, etc. sexa un proceso de fomento que promova e apoie as accións do departamento, e que o equipo directivo demande a colaboración de todos estes actores.

4. A REALIDADE LINGÜÍSTICA E CULTURAL NO CMUS.

O CMUS é un centro cunha clara diversidade lingüística e cultural, debido en parte, ao acceso de alumnado procedente da contorna Compostelá, de vilas



aloxadas e dos que residen na cidade. Se a isto se lle suma o enorme abano na idade debido á idade mínima para acceder ao centro, mais non unha máxima para permanecer nel, pois é doado entender o motivo desta diversidade. En resumo, e en liñas xerais, a presenza do galego dentro do CMUS, vai cada día en retroceso ao igual que ocorre na propia sociedade galega. Un claro exemplo disto, é a redacción dos exames, das distintas probas avaliadoras internas que son redactadas en lingua castelá, cando o proxecto lingüístico do centro reflicte claramente que ditas materias grupais están dentro do proxecto, e polo tanto deben escribir as probas en Galego.

5. OBXECTIVOS

5.1. OBXECTIVOS XERAIS

- 1.) Elaborar un proxecto de traballo para o departamento de EDLG que fixe os obxectivos e li de acción nos próximos anos dirixido á promoción da lingua e a cultura galega.
- 2.) Xerar un proceso común para a elaboración do proxecto que permita consensuar conxuntamente as actuacións, corresponsabilizando á comunidade educativa no proceso de normalización e tecendo as redes que faciliten a súa implantación futura.

5.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- 1.) Aproveitar o coñecemento sobre o departamento de EDLG de cara a definir as





liñas de acción futuras para a promoción e difusión da cultura galega.

2.) Xerar bases de consenso dentro do CMUS sobre o EDLG, así como cara á fixación dos obxectivos do proxecto; conformar un acordo global acerca dos horizontes cara aos que quere camiñar o CMUS neste ámbito.

3.) Implicar os distintos membros da comunidade educativa, así como aqueles sectores que, directa ou indirectamente, poden ter relación coas accións normalizadoras desenvolvidas no centro.

4.) Tecer redes de información e cooperación cara a actuacións conxuntas na dinamización lingüística e cultural, posibilitando, deste xeito, a xeración de dinámicas interconectadas de mellora da situación da lingua e cultura galega no centro e na cidade de Compostela.

6. SECUENCIACIÓN DO TRABALLO

Na seguinte táboa achego unha ordenación de actividades básicas por curso do Proxecto de EDLG. Estas actividades están deseñadas e pensadas conforme, e para o que a continuación se detalla:

5. Vincular a lingua galega ás actividades ofertadas desde o CMUS. Que axude a completar e dar outro formato ás actividades do centro.
6. Implicar as familias nas actividades de promoción da lingua e cultura galega.
7. Apoiar e poñer en valor as iniciativas e experiencias normalizadoras que se desenvolvan no CMUS por parte de calquera membro da comunidade educativa.





8. Contacto permanente entre o EDLG e calquera outro equipo de normalización lingüística da cidade (ou que traballe a prol da cultura galega) para desenvolver iniciativas conxuntas.
9. Potenciar a cultura galega entre a comunidade educativa (especialmente no alumnado)

8. ACTIVIDADES PARA O CURSO 19/20

TEMPORA- LIZACIÓN	ACTIVIDADE	RESPONSABLE	DESTINATA- RIOS/AS	ORZAMENTO	MATERIAL NECESARIO
1º trimestre	Continuar a conmemorar o ano GAOS	O departamento e outros actores da comunidade educativa que teñan interese en colaborar.	Toda a comunidade educativa e demais persoas que acudan aos eventos do EDLG	---	Publicidade dos eventos.
Nadal	IV Concurso de debuxo "O Apalpador musical"	O departamento, responsable da biblioteca e o profesorado de L. M.	Alumnado	80 €	Impresións de marcapáxinas en tenda especializada
2º-3º Trimestre	Xornada "Mulleres Galegas"	O departamento e outros actores	Toda a comunidade educativa e	200 €	Impresión programas . Publicidade dos





	Ilustradas	da comunidade educativa que teñan interese en colaborar.	demais persoas que acudan aos eventos do EDLG		eventos. Agasallos.
2º-3º Trimestre	Xornada "A música Galega en Cuba"	O departamento e outros actores da comunidade educativa que teñan interese en colaborar.	Toda a comunidade educativa e demais persoas que acudan aos eventos do EDLG		Impresión programas . Publicidade dos eventos. Agasallos.
Todo o curso	Xestión do taboleiro de EDLG	O departamento	Toda a comunidade educativa	---	Impresións
Todo o curso	Actualizar o blog do EDLG	O departamento	Toda a comunidade educativa	---	Blog de balde
Todo o curso	Concertos e colaboracións con organizacións que teñen como obxectivo promover a normalización do idioma	O departamento	A Comunidade educativa, a cidadanía de Compostela asemade de doutros puntos de Galicia.	---	Impresión programas . Publicidade dos eventos. Agasallos.
Para todo o nomeamento	Promocionar ao persoeiro ao que se lle adica o día das letras galegas cada	O departamento e outros actores da comunidade educativa que	Toda a comunidade educativa e demais persoas que acudan aos	---	Impresión programas . Publicidade dos eventos. Agasallos.





	ano por parte da RAG.	teñan interese.	eventos do EDLG		
Para todo o nomeamento	Charlas sobre aspectos musicais da cidade, patrimonio, etc.	O departamento e outros actores da comunidade educativa que teñan interese en colaborar.	Toda a comunidade educativa e demais persoas que acudan aos eventos do EDLG	---	Impresión programas . Publicidade dos eventos. Agasallos.

4 Programa anual de actividades culturais e de promoción das ensinanzasÍNDICE

1	Relación secuenciada e temporalizada das actividades.....	3
2	Anteproxecto económico.....	7
2.1	Inicio do curso – mes de decembro.....	7
2.2	Resto do curso académico.....	9





3 Relación secuenciada e temporalizada das actividades

- CONCERTOS

ACTIVIDADES	AGRUPACIÓNS	DATA/HORA	ESPAZO	ORGANIZA
SANTA ICÍA	Banda Xuvenil Orquestra Sinfónica e Banda Sinfónica	21 novembro 20:00	Auditorio CMUS	CMUS
MARATÓN SOLIDARIO	Alumnado do CMUS	20 decembro 16:30 a 21:00	CMUS	CMUS
CONCERTO ENTROIDO	Banda infantil e Coro Infantil	20 febreiro	Auditorio CMUS	CMUS
CONCERTO A DÚAS BANDAS	Banda Sinfónica	27 febreiro 20:30	Auditorio de Galicia	Colaboración coa Banda Municipal
DÍA DA MULLER	Por determinar	Semana do 9 ao 13 de marzo	Auditorio CMUS	CMUS
O CMUS EN CONCERTO	Orq./Band Sinfónicas Orq/Band Xuvenis	Por determinar	Auditorio Galicia	CMUS
CICLO DE CÁMARA "HILARIO COURTIER"	Agrupacións de conxunto e música de Cámara do CMUS	26 marzo: Guitarra e voz 31 marzo: Corda e piano 1 abril: Vento e piano 3 abril: Ensemble clarinetes	Parainfo USC	Dpto Conxunto
MÚSICA NAS CORDAS	Conxuntos Dpto corda	30 marzo	Parainfo USC	Dpto Corda
ÓPERA MENOTTI THE OLD MAID AND THIEF	Dpto Canto e Conxunto Director: Alejandro Valcárcel	Por determinar	Por determinar Auditorio CMUS	CMUS
SOLISTAS EN ASCENSIÓN	Alumnado do CMUS	11 e 12 maio	Parainfo USC	CMUS
CONCERTO SOLIDARIO	Orquestra Sinfónica Banda Sinfónica	14 ou 15 maio	Auditorio Galicia	CMUS
CONCERTO FIN DE CURSO	Banda infantil, percuolimpiadas...	29 maio	Auditorio CMUS	CMUS
RECITAIS 6º GP	Alumnado do CMUS	VER CALENDARIO AUDICIÓNS	Auditorio CMUS	Dptos Didácticos
AUDICIÓNS DEPARTAMENTOS	Alumnado do CMUS	VER CALENDARIO AUDICIÓNS	Auditorio CMUS Aula Cámara 1	Dptos Didácticos





NO BICO UN CANTAR	Alumnado de GE do CMUS	Por determinar	Allaríz	Consellería de Educación
--------------------------	------------------------	----------------	---------	--------------------------

- CURSOS

ACTIVIDADE	DOCENTE/ INTÉRPRETE	DATA/ HORA	ESPAZO	ORGANIZA
CURSO DE OBOE	Juan Ferriol	21 e 22 de xaneiro	Auditorio Cámara 1	Dpto Vento Madeira
CURSO DE GUITARRA	Laura Snowden	Do 30 de marzo ao 2de abril	Auditorio Cámara 1	Dpto Guitarra
CURSO DE TROMBÓN	Cuarteo Garufa	13 e 14 de xaneiro	Auditorio	Dpto Vento Metal
CURSO DIRECCIÓN	Juan Ocón	2º trimestre	Auditorio	Dpto Conxunto
CURSO BIG BAND	Bob Sands	2º trimestre	Orquestra	Dpto Conxunto
CURSO CLARINETE	Darío Mariño	3º trimestre	Auditorio Cámara 1	Dpto Vento Madeira

- ENCONTROS E INTERCAMBIOS

ACTIVIDADE	DOCENTE/ INTÉRPRETE	DATA/ HORA	ESPAZO	ORGANIZA
ENCANTRO DE CENTROS ADSCRITOS	Por determinar	24 xaneiro 18:00	Auditorio CMUS	CMUS
ENCANTRO COA BANDA MUNICIPAL	Banda Sinfónica	24 ao 28 febreiro	Por determinar	CMUS
INTERCAMBIO CLARINETES	Ensemble Clarinetes	3º trimestre	Auditorio CMUS	Dpto Conxunto
INTERCAMBIO ORQUESTRA SINFÓNICA	Orquestra Sinfónica	2º trimestre	CMUS Galicia	Dpto Conxunto
INTERCAMBIO BANDA SINFÓNICA	Banda Sinfónica	2º/3º trimestre	CMUS Galicia	Dpto Conxunto
INTERCAMBIO BANDA XUVENIL	Banda Xuvenil	2º/3º trimestre	CMUS Vigo/Coruña	Dpto Conxunto





- CONCURSOS

ACTIVIDADES	DOCENTE/ INTÉRPRETE	DATA/HORA	ESPAZO	ORGANIZA
III CONCURSO "O APALPADOR MUSICAL"	Alumnado CMUS	Semana Santa Icíá	Auditorio CMUS	EDLG
CONCURSO DE SOLISTAS	Alumnado CMUS	5 e 6 febreiro	Auditorio CMUS	CMUS
CONCURSO DE COMPOSICIÓN "VARELA SILVARI"	Aberto a comunidade musical galega	31 xaneiro a 28 febreiro	CMUS	CMUS
PERCUOLIMPIADAS	Alumnado do CMUS	25 marzo	Auditorio CMUS	Dpto percusión

- CONFERENCIAS E EXPOSICIÓN E OUTRAS ACTIVIDADES

ACTIVIDADE	DOCENTE/ INTÉRPRETE	DATA/HORA	ESPAZO	ORGANIZA
TALLER-EXPOSICIÓN ÓBOE	Thomas Orlowy	14 outubro	Auditorio CMUS	Dpto Vento madeira
A MULLER NA MÚSICA E CLAVES PARA ESTUDAR NOS EEUU	Isabel Pérez Dobarro	16 outubro 18:30	Auditorio CMUS	CMUS
PROPIEDAD INTELLECTUAL E OS DEREITOS DOS MÚSICOS	Aline Castro José Luis Rodríguez Olalla López	28 de outubro 19:15	Auditorio do CMUS	CMUS
O REXIONALISMO MUSICAL GALEGO. LUIS TAIBO	Miguel A. López- Fariña	19 novembro 19:00	Auditorio do CMUS	CMUS
DESPUNTE	Cuarteto Saxofóns Quinteto metal	28 novembro	GAIAS	Escola de Arte Superior de Deseño Mestre Mateo
NUMAX NA ESCOLA	Xosé A. Rodríguez	Data a determinar	Sala Numax	Dpto Guitarra
IMAXINANDO MÚSICAS	Xosé A. Rodríguez Sergio Clavero	De outubro a maio	Según necesidade	Colaboración co IES Cacheiras
MULLERES ILUSTRADAS GALEGAS	Laura Romero	Marzo	CMUS	EDLG





- PROMOCIÓN DAS ENSEINANZAS

ACTIVIDADES	DOCENTE/ INTÉRPRETE	DATA/HORA	ESPAZO	ORGANIZA
XORNADAS PREPARATORIAS DE ACCESO AO CMUS 1 GP	Dirixido ao alumnado de acceso a 1º GP	24 abril 19:30	Auditorio CMUS	CMUS
XORNADAS PREPARATORIAS DE ACCESO AO CMUS 1ºGE	Conxunto metal e percusión	21 abril 18:30	Auditorio CMUS	CMUS
	Ensemble clarinetes Orquestra de guitarras	24 abril 18:30	Auditorio CMUS	
	Frauta oboe e saxofón	27 abril 18:30	Auditorio CMUS	
	Orquestra Xuvenil	29 abril 19:00	Auditorio CMUS	

4 Anteproxecto económico

4.1 Inicio do curso – mes de decembro

- CONCERTOS

ACTIVIDADE	DATA	ORZAMENTO
SANTA ICÍA	21 novembro 20:00	0 €
MARATÓN SOLIDARIO	20 decembro 16:30 a 21:00	0€
AUDICIÓNS DEPARTAMENTOS	VER CALENDARIO AUDICIÓNS	0 €





- CONFERENCIAS, EXPOSICIÓNS E OUTRAS ACTIVIDADES

ACTIVIDADE	DATA	ORZAMENTO
TALLER-EXPOSICIÓ ÓBOE	14 outubro	0€
A MULLER NA MÚSICA E CLAVES PARA ESTUDAR NOS EEUU	16 outubro	0€
PROPIEDADE INTELECTUAL E OS DEREITOS DOS MÚSICOS	28 outubro	0€
O REXIONALISMO MUSICAL GALEGO. LUIS TAIBO	19 novembro	0€
DESPUNTE	28 novembro	0€

4.2 Resto do curso académico

- CONCERTOS

ACTIVIDADE	DATA	ORZAMENTO
CONCERTO ENTROIDO	20 febreiro	0€
CONCERTO A DÚAS BANDAS	27 febreiro 20:30	0€
DÍA DA MULLER	Semana do 2 ao 6 de marzo	Por determinar
O CMUS EN CONCERTO	Por determinar	Por determinar
CICLO DE CÁMARA "HILARIO COURTIER"	26 marzo: Guitarra e voz 31 marzo: Corda e piano 1 abril: Vento e piano 3 abril: Ensemble clarinetes	Por determinar
MÚSICA NAS CORDAS	30 marzo	Por determinar
ÓPERA MENOTTI THE OLD MAID AND THIEF	Por determinar	Por determinar





SOLISTAS EN ASCENSIÓN	11 e 12 maio	Por determinar
CONCERTO SOLIDARIO	Por determinar	Por determinar
CONCERTO FIN DE CURSO	29 maio	Por determinar
RECITAIS 6º GP	VER CALENDARIO AUDICIÓNS	0€
AUDICIÓNS DEPARTAMENTOS	VER CALENDARIO AUDICIÓNS	0€
NO BICO UN CANTAR	Por determinar	0€

- CONFERENCIAS, EXPOSICIÓNS E OUTRAS ACTIVIDADES

ACTIVIDADE	DATA	ORZAMENTO
NUMAX NA ESCOLA	Data a determinar	25€
IMAXINANDO MÚSICAS	De outubro a maio	0€
MULLERES ILUSTRADAS GALEGAS	Marzo	0€

- CURSOS

ACTIVIDADE	DATA	ORZAMENTO
CURSO DE OBOE	Xaneiro	1000€
CURSO DE TROMBÓN	13 e 14 xaneiro	1000€
CURSO DE GUITARRA	Do 30 de marzo ao 2de abril	1500€
CURSO DIRECCIÓN	2º trimestre	700€
CURSO BIG BAND	2º trimestre	600€





CURSO CLARINETE	3º trimestre	1612€
------------------------	--------------	-------

- ENCONTROS E INTERCAMBIOS

ACTIVIDADE	DATA	ORZAMENTO
ENCONTRO DE CENTROS ADSCRITOS	24 xaneiro 18:00	0€
ENCONTRO COA BANDA MUNICIPAL	24 ao 28 febreiro	0€
INTERCAMBIO CLARINETES	3º trimestre	Por determinar
INTERCAMBIO ORQUESTRA SINFÓNICA	2º trimestre	Por determinar
INTERCAMBIO BANDA SINFÓNICA	2º/3º trimestre	Por determinar
INTERCAMBIO BANDA XUVENIL	2º/3º trimestre	Por determinar

- CONCURSOS

ACTIVIDADE	DATA	ORZAMENTO
CONCURSO DE SOLISTAS	1ª opción: 5 e 6 febreiro 2ª opción: 12 e 13 febreiro	Por determinar
CONCURSO DE COMPOSICIÓN "VARELA SILVARI"	31 xaneiro a 28 febreiro	Por determinar
PERCUOLIMPIADAS	Dúas datas por determinar	Por determinar

- PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS

ACTIVIDADES	DATA	ORZAMENTO
XORNADAS PREPARATORIAS DE ACCESO AO CMUS 1 GP	24 abril 19:30	0€





XORNADAS PREPARATORIAS DE ACCESO AO CMUS 1ºGE	21 abril 18:30	0€
	24 abril 18:30	
	27 abril 18:30	
	29 abril 19:00	

5 Plan de autoprotección

O plan de autoprotección segue vixente.

A presente PXA foi aprobada nos aspectos que competen ao Claustro en reunión celebrada o día 14 de novembro de 2019, e informada favorablemente polo Consello Escolar en reunión celebrada no Centro o día 18 de Novembro de 2019.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2019.

O Director.

Asdo.: José Luis Quintás Carreira

**DONA CONCEPCIÓN ARAMBURU, INSPECTORA DO CMUS PROFESIONAL DE
 SANTIAGO DE COMPOSTELA. XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE
 EDUCACIÓN (A CORUÑA)**

